



Concello do Porriño

Concello do Porriño
<b>TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES</b>
<b>DOCUMENTO:</b>
Data inicio de exposición: <b>14-07-2021</b>
Data final de exposición: <b>31-07-2021</b>
O Porriño, a <b>de</b> de

## **BASES REGULADORAS PROCESO DE SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAISS PARA O PROGRAMA APROL RURAL 2025 DO CONCELLO DO PORRIÑO.**

### **1ª. OBXECTO.**

O obxecto destas bases é regular o proceso de selección definitiva para a contratación de 3 persoas desempregadas como peóns/peoas forestais, na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405), coas cláusulas específicas do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa, durante un período de 9 meses, para a execución do servizo denominado "LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2025", que responde a necesidades urxentes e inaprazables; para realizar tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, rozas e traballos preventivos nos montes, vías, marxes de pistas, áreas cortafogos, camiños e estradas de titularidade municipal.

As presentes bases elabóranse ao abeiro da ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G), publicado no DOG número 50, de 13/03/25; a Instrucción 4/2025 de xestión sobre o procedemento de selección dos programas de cooperación coas entidades locais do 20/03/25 e a Resolución de concesión da subvención do director territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida en data 22/05/25.

### **2ª. PROCEDEMENTO DE PRESELECCIÓN E DE SELECCIÓN.**

O procedemento de preselección e de selección definitiva será realizado conforme ao artigo 14 da Orde de 5 de marzo:

1º.- A preselección realizarase mediante a tramitación dunha oferta de emprego tipo J - COOPERACIÓN ENTIDADES LOCAIS APROL RURAL na oficina de emprego correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e, unha vez concluída a sondaxe, a oficina remitirá ao Concello do Porriño a listaxe coas 10 persoas desempregadas preseleccionadas por cada contratación entre colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social





de Galicia.

- c) Mulleres, en especial aquellas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquellas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuge, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

2º.- A selección definitiva destas 10 persoas preseleccionadas realizarase mediante o sistema de concurso-oposición que se regula nestas bases polo concello; que deberá ser notificada á correspondente oficina de emprego.

### **3ª. PUBLICIDADE DAS BASES.**

Aprobadas as presentes bases serán publicadas nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego, no Portal de Emprego de Galicia; así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

### **4ª. LIMITACIÓN NA PARTICIPACIÓN.**

Non poderán participar neste proceso, quedando excluídos/as automaticamente do mesmo, as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de dezaoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da producción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada; de conformidade co disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e co Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.



Tampouco poderán participar neste proceso as persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprol rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, nin poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o foran en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes -padrón municipal de habitantes 2024. IGE-.(Artigo 14.3 Orde 5 de marzo).

## 5ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

### A) Nacionalidade.

Ser español/a. (*Acreditarase mediante fotocopia do DNI*).

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cos/cas españoles aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (*Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en copia cotexada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes dos seus países de orixe*)

### B) Desempregado/a inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego.

Ser persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego. (*Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto*)

### C) Idade.

Ter 16 anos cumplidos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. (*Acreditarase de igual forma que o apartado A*).

### D) Titulacións.

Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo aos/ás aspirantes a ser seleccionados/as e





contratados/as.

**E) Capacidade funcional.**

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da contratación obxecto destas bases. (*Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a*).

**F) Non haber sido separado/a ou inhabilitado/a.**

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (*Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditalo tamén de xeito documental caso de que así o solicite este Concello*).

**G) Non estar incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**

Non estar incuso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (*Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditalo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase este Concello*).

**H) Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais e non ter sido contratado no ejercicio 2024 con cargo ás axudas referidas na base 4<sup>a</sup>.**

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a e non ter sido contratado no ejercicio 2024 con cargo ás axudas dos procedementos que se refire a base 4<sup>a</sup> de exclusión automática desta convocatoria. (*Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia da certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida con data posterior á publicación das bases pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a*).

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consérvanos, polo menos, ata o momento de formalización do devandito contrato de traballo temporal.





## 6ª. SOLICITUDES.

As persoas desempregadas preseleccionadas, segundo o artigo 14 da Orde de 5 de marzo e a Instrucción 4/2025, que figuren no listado remitido pola Oficina de Emprego do Porriño, deberán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo definitivo, dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases. O prazo de presentación será de **4 días hábiles** (non sendo o sábado día hábil a estos efectos) dende a publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

A solicitude poderá presentarse nos correspondentes modelos que se acompañan como **ANEXO I** destas bases ou na forma que determina o art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas. Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán inescusablemente a documentación que acredite que cumplen os requisitos alegados e determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

As persoas aspirantes deberán presentar na forma e prazo indicado, o modelo de solicitude **ANEXO I** acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes
- Declaración responsable de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias, non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non atoparse en inabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na





lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados E), F) e G), da base 5<sup>a</sup>

- Declaración responsable de non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais e non ter sido contratado no exercicio 2024 nos termos establecidos na base 4<sup>a</sup> e no apartado H) da base 5<sup>a</sup>
- Certificación oficial ou informe da vida laboral expedida en data posterior á publicación das bases.
- Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal. Aqueles méritos que non se aleguen na instancia nin se xustifiquen documentalmente, áinda que consten na vida laboral non serán valorados

## **7<sup>a</sup>. ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

As persoas con discapacidade deberán cumplir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da contratación obxecto destas bases e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases.

Ademais do indicado na base 4<sup>a</sup> relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada.

Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición,





deberán:

- a) Solicitudo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.
- b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

## 8ª. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución pola que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e designará o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

Para o caso de que houbera aspirantes excluídos/as ou omitidos/as na devandita lista, estes disporán dun prazo de **1 día hábil** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que





dentro do prazo indicado non emendasen tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, ou no caso de non haber aspirantes excluídos/as ou omitidos/as, o Alcalde ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as, e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da fase de concurso-oposición. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, no que tamén se publicará a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, se as houbese, sen prexuízo da súa publicación na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), de forma complementaria.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulta que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

## **9ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: unha presidente/a, unha secretaria/a e tres vogais e quedará integrado polos/as empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuér titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a





Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

## **10ª. SISTEMA DE SELECCIÓN DEFINITIVA.**

O sistema de selección definitiva será o concurso-oposición:

### **- Fase de Concurso ( máximo 8 puntos):**

Previamente á fase de oposición realizarase a fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio.

O tribunal comprobará e cualificará a documentación correspondente á fase de concurso das persoas aspirantes; para tal efecto, só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente antes do remate do prazo de presentación de instancias.

**O baremo** de puntuacións será o seguinte:

### **1. Experiencia profesional: relacionada coas funcións da contratación: máximo 3,00 puntos.**

Por cada mes completo de servizo..... 0,20 puntos

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarase certificación oficial ou informe de vida laboral onde figure a categoría profesional, máis copia de contratos ou nóminas ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado ou as funcións, a categoría e a duración da relación laboral.

Para acreditar traballos por conta propia (traballadores/as autónomos/as), presentarase certificación oficial ou informe de vida laboral, máis o certificado de actividades económicas cos epígrafes correspondentes ou documento que acredeite a actividade económica no epígrafe correspondente; e facturas ou contratos nos que consten o posto desempeñado ou as funcións, a categoría e a duración en horas da relación contractual.





Para acreditar traballos realizados no estranxeiro, será necesario presentar certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión desempeñada ou as funcións, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase por meses completos de traballo de acordo cos datos reflectidos na vida laboral aportada.

## **2. Formación complementaria relacionada: máximo 3,50 puntos.**

(Só se valorarán os cursos relacionados directamente coas funcións a desenvolver)

Cursos de 0 a 30 horas.....	0,10 puntos
Cursos de 31 a 60 horas.....	0,20 puntos
Cursos de 61 a 90 horas.....	0,40 puntos
Cursos de 91 a 120 horas.....	0,30 puntos
Cursos superiores a 120 horas.....	0,50 puntos

Non se terán en conta os cursos que non especifiquen o contido en número de horas ou créditos. Cando existan varios cursos de idéntico contido, valorarase únicamente o de maior duración e cando existan varios cursos de similar contido, valorarase únicamente o más favorable.

## **3. Coñecemento do idioma galego: máximo 0,50 puntos.**

(Só se valorará o grao superior alegado).

Certificado de lingua galega C1 ou equivalente.....	0,20 puntos
Certificado de lingua galega C2 ou equivalente.....	0,30 puntos
Certificado de lingua galega superior C2.....	0,50 puntos

## **4. Carné de conducir tipo B: ..... 1,00 puntos.**

Tódolos documentos acreditativos de méritos que deban acompañarse á solicitude de participación haberán de presentarse no prazo antes sinalado. En consecuencia, os documentos acreditativos dos méritos non achegados en prazo non serán valorados en ningún caso polo tribunal.

### **- Fase de Oposición: (Puntuación máxima: 12 puntos).**

#### **Constará dun exercicio de carácter práctico obligatorio e eliminatorio.**

O exercicio consistirá nunha ou varias probas prácticas de coñecementos sobre as ferramentas ou maquinaria, apeiros e equipos a empregar segundo as tarefas propias de peón/peoa forestal, a elección do tribunal.

Valorárase a calidade, grao de destreza e tempo da execución, así como aquelas outras cuestións que determine o tribunal e que as comunicará aos aspirantes antes da realización da proba.

Terá carácter eliminatorio polo que será necesario para superalo acadar 6





puntos do total de 12 puntos máximos.

## **11ª. DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN.**

A data, a hora e o lugar na que deba constituirse o Tribunal, realizar a valoración de méritos da fase de concurso e a proba da fase de oposición; fixaranse na resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

No caso de que participen persoas con discapacidade que soliciten adaptacións de tempo e medios, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. O Tribunal de selección poderá requisitar informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os/as que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificados con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obligatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaimento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento considerarase único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os/as aspirantes á sesión á que foran convocados/as.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento o tribunal poderá requisitar os/as opositores para que acrediten a súa identidade.





Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algúm dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento ou dispositivo do que se poida valerse o opositor para auxiliarse na realización dos exercicios, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, o opositor será sancionado coa expulsión do exame e do proceso selectivo.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios.

Concluído cada exercicio o Tribunal fará pública a relación coa indicación da puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

As persoas aspirantes terán un prazo de **2 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

## **12ª. CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO.**

A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas en cada fase do concurso e de oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resloverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba práctica. Se continua o empate entre aspirantes desfarase o mesmo tomando a maior puntuación obtida en primeiro lugar no apartado de experiencia profesional e si se mantivese o empate en segundo lugar a obtida no apartado de formación da fase de concurso e de persistir o empate este ressolverase mediante sorteio.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal elaborará a relación de aspirantes, que superaron o proceso de selección, coa puntuación obtida por orde decrecente; e publicará, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).





O tribunal de selección formulará proposta de contratación ao Alcalde coas tres persoas aspirantes que obtiveran as tres maiores puntuacións para a súa contratación; sempre e cando se verifique que cumplen os requisitos.

O tribunal en ningún caso poderá propoñer un número superior de aspirantes ao das contratacóns previstas nestas bases. Calquera proposta que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

### **13ª. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA CONTRATACIÓN.**

As tres persoas aspirantes propostas para as contratacóns terán que presentar polo rexistro xeral a seguinte documentación:

a) No prazo máximo de **1 día hábil** contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo:

- Tarxeta actualizada de inscrición no SPEG como demandante de emprego.
- Fotocopia DNI ou NIE.
- Fotocopia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
- Certificación de conta bancaria con número IBAN.

b) Durante o período de proba contractual, xustificar que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

Se transcorrido os devanditos prazos non aporta a documentación, segundo o anterior, considerarase que renuncia á este contrato e pasará a requirirse ao/á seguinte aspirante aprobado/a coa seguinte mellor puntuación ata cubrir as tres contratacóns convocadas.

### **14ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A Alcaldía á vista da proposta do Tribunal e unha vez xustificados os requisitos esixidos, resolverá o que corresponda; de xeito que a formalización do contrato debe realizarse na **data límite do 15/07/25** segundo estipula a resolución de concesión da subvención.

As tres persoas propostas, ademais de cumplir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba do contrato, que non





padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

No contrato utilizarase necesariamente a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405) e deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non o puideran formalizar por algúna causa legal, ou unha vez, formalizado fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados non puideran cumplir o contrato o Alcalde poderá formalizar, co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, un novo contrato que deberá cumplir os requisitos esixidos nestas bases en na citada Orde do 5 de marzo.

Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

No suposto de baixas temporais que se prevea que sexan de duración superior a 30 días, a substitución so será posible logo da autorización expresa da xefatura territorial correspondente á solicitude fundamentada da entidade contratante.

A nova contratación deberá cumplir os requisitos exixidos na orde de convocatoria para as contratacóns iniciais subvencionadas, e deberá ser notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación.

Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo logo de solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, agás que se trate de persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego





inscrita e desempregada no momento da súa contratación.

## **15ª. RÉXIME XURÍDICO.**

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G), publicado no DOG número 50, de 13/03/25; a Instrucción 4/2025 de xestión sobre o procedemento de selección dos programas de cooperación coas entidades locais do 20/03/25 e a Resolución de concesión da subvención do director territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida en data 22/05/25; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 2720/1998; Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no Emprego e a transformación do mercado de traballo, Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais normativa laboral de aplicación.

## **16ª. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN.**

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, ao tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

O tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requeridos nestas bases. As bases da convocatoria e cants actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente





ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

## **17ª. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Mediante a participación no referido proceso, os/as titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de contratacóns e confección do banco de datos ou lista de reserva.

Os/as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos/as representantes dos/as traballadores/ras, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

## **18ª. REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS.**

A Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal cualificador de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

**Anexo I. Solicitud para tomar parte no proceso de selección definitiva para a contratación de 3 peóns/peoas forestais para a execución do servizo “LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2025” do Concello do Porriño.**

<b>D./Dª.:</b>	
<b>DNI nº.:</b>	<b>Enderezo:</b>
<b>Código Postal:</b>	<b>Localidade:</b>
<b>Correo electrónico:</b>	
<b>Teléfono:</b>	<b>ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,</b>

**Expón e declara responsablemente** que coñece as bases desta convocatoria, que reúne os requisitos esixidos nas bases e que son certos os datos que figurán nesta solicitud. E aporta a documentación para xustificación de cumprimento dos requisitos mínimos e dos méritos alegados:





- Fotocopia do DNI, NIE ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes
- Declaración responsable de posuér as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias, non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados E), F) e G), da base 5<sup>a</sup>
- Declaración responsable de non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais e non ter sido contratado no exercicio 2024 nos termos establecidos na base 4<sup>a</sup> e no apartado H) da base 5<sup>a</sup>
- Certificación oficial ou informe da vida laboral expedida en data posterior á publicación das bases.
- Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal.

**Solicita** ser admitido/a ao devandito procedemento de selección definitivo de 3 peóns/peoas forestais obxecto destas bases

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2025

Sinatura solicitante: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)**

**ANEXO II. Declaración responsable cumprimento requisitos establecidos nos apartados E), F), G) e H) da base 5<sup>a</sup>.**

<b>D./D<sup>a</sup>.:</b>
<b>DNI nº.:</b> _____ ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,

**Declaro responsablemente:**

1. Posuér as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato
2. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non





Concello do Porriño

atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público

3. Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

4. Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais e non ter sido contratado no exercicio 2024 nos termos establecidos na base 4<sup>a</sup> e no apartado H) da base 5<sup>a</sup>

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2025

Sinatura solicitante: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA).**

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde do Concello do Porriño.**

